

ETRS-89
532.411,4
4.684.772,8

ETRS-89
532.808,8
4.684.772,8



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no último parágrafo da resolución".



NOVEMBRO-2012

ESCALA : 1/1.000

Nº de plano:
1 de 1.

MONTE "A LOMBA"
CMVMC DE VISO. CONCELLO DE REDONDELA.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia
de Pontevedra)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE O VISO**

D. Álvaro Cabaleiro Durán
D. José Somoza Martínez

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 19/11/2012, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado “**A Lomba**” solicitados a prol dos veciños da **CMVMC de O Viso**, concello de Redondela.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO- Con data de entrada 30/04/2010, D. Álvaro Cabaleiro Duran, na súa condición de presidente da CMVMC de o Viso, do Concello de Redondela, do, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “*A Lomba*” como veciñal en man común a prol dos veciños da CMVMC de o Viso (Concello de Redondela), acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros

SEGUNDO- En data do 02/08/2010 o informe de topografía sinala, que os datos xeométricos permiten identificar a parcela e que dita parcela non está clasificada



TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais. En data do 5/09/2010 o xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común emite o correspondente informe no que convén salientar as seguintes observacións realizadas en relación á situación e estado da parcela afectada pola clasificación:

1. Que a parcela esta rodeada por todos os ventos por estradas asfaltadas e camiños, e atravesada por unha estrada asfaltada.
2. Que a parcela esta repoboada por castiñeiros na parte suroeste, onde obsérvanse restos cortas. O resto da parcela ten pes de piñeiro, sobreiras e eucalipto.

CUARTO.- O 22/09/2010 o Concello de Redondela informa que a parcela que se pretende clasificar, cuxa referencia catastral é 36045A00500216 solo rústico de protección ordinaria.

QUINTO.- A Rexistradora da Propiedade de Redondela, certifica con data 19/10/2010, que na parcela solicitada non aparece ningún ben nin dereito real inscrito.

SEXTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: REDONDELA

PARROQUIA: O VISO

NOME DO MONTE: "A LOMBA"

Cabida: 0,53 Has. (superficie aproximada alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada asfaltada

Leste: Camiño de terra

Sur: Camiño de terra

Oeste: Estrada asfaltada

SETIMO.- Realizadas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, presentase dúas alegacións ao expediente.

A primeira a de D. Jesus Fuentes Pérez actuando en nome e representación da entidade mercantil "Arado S.L." para alegar que posúen as seguintes fincas catastrais:



a nº 36045A001008010000WP, a nº 36045A001008010000WQ, e a nº 36045A001007990000WQ.

E a segunda, a de D. Fernando Veiga Estevez na súa condición de presidente da CMVMC de o Viso para indicar que as fincas as que se refire D. Jesus Fuentes Pérez non están no monte “A Lomba” nin nas súas proximidades.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cnotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Por outra banda, de conformidade có artigo 2 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. considerase monte:

“ ou terreo forestal todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) Os terreos ermos, os rochedos e os arcais.



b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte en que se localizan, así como os equipamentos e as infraestruturas de uso sociorrecreativo.

c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, sempre que adquirisen sinais inequívocos do seu carácter forestal, cando formen parte de superficies continuas de polo menos 5 hectáreas, agás que se trate de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou instrumento semellante.

d) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba coa finalidade de ser repoboado ou transformado á actividade forestal, de conformidade coa normativa aplicable.

e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de 5 hectáreas, a non ser que se compoñan os ditos enclaves de masas de especies forestais de frondosas do anexo 1 cunha idade media de polo menos dez anos, diminuíndose, para estes casos, a dita superficie mínima ata 1 hectárea.

2. Non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

a) O solo urbano e o solo de núcleo rural.

b) O solo urbanizable delimitado, coas excepcións sinaladas na disposición transitoria quinta.

c) Os terreos de dominio público, agás os que integran o dominio público forestal.

d) Os terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola.

e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, sen prexuízo do establecido no artigo 61 desta lei.

3. En solos rústicos de especial protección, os aproveitamentos forestais rexeranse polo disposto nesta lei en todo aquilo en que non se lles aplique a súa normativa específica.

Cuarto.- Para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de xeito continuado, así o establece artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man



común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de forma mancomunada (STS de 07/03/01).

Quinto.- Deste xeito, e a vista do informe do xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común e do informe-peritación aportado se comproba que existe aproveitamentos na actualidade (restos de corta) e que a repoboación de castiñeiros foi feita pola comunidade despois da corta do ano 2008.

Sexto.- Polo que respecta as alegacións de D. Jesus Fuentes Pérez confirmar o que xa expón o propio presidente do MVMC do Viso, que as fincas as que se refire D. Jesus non están no monte "A Lomba" nin nas súas proximidades.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón, e o **Xurado** por unanimidade dos seus membros **acorda:**

CLASIFICAR como veciñais en man común a parcela de monte denominada "A Lomba" solicitada, a prol da **CMVMC de o Viso**, do Concello de Redondela, de acordo coa descrición reflectida no feito sexto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Consulta y certificación de Bien Inmueble

FECHA Y HORA

Fecha

13/6/2025

Hora

14:19:50

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Referencia catastral

36045A005002160000WH

Localización

Polígono 5 Parcela 216

A LOMBA. REDONDELA (PONTEVEDRA)

Clase

Rústico

Uso principal

Agrario

Valor catastral

76,36 €

Año valor

2025

Valor catastral suelo

76,36 €

Valor catastral construcción

0,00 €

Fecha de modificación en Catastro

26/09/2024

Fecha de la alteración

30/11/2023

Expediente

33364003.97/23

PARCELA CATASTRAL



Localización

Polígono 5 Parcela 216

A LOMBA. REDONDELA (PONTEVEDRA)

Superficie gráfica

4.027 m²

TITULARIDAD

Apellidos Nombre/Razón Social

COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE LA PARROQUIA DE

NIF/NIE

V36101525

Domicilio

EX ESTRADA DA TEIXEIRA 70 O VISO

36810 REDONDELA (PONTEVEDRA)

Derecho

100,00% de Propiedad

Fecha de modificación en Catastro

18/01/2016

Fecha de la alteración

04/03/1996

Expediente

33714.36/16

CULTIVO

Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m ²
0	FG ROBLE (Quercus robur, petraea)	03	4.027

Consulta y certificación de Bien Inmueble

FECHA Y HORA

Fecha

13/6/2025

Hora

14:20:34

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Referencia catastral

36045A005003250000WT

Localización

Polígono 5 Parcela 325

A LOMBA. REDONDELA (PONTEVEDRA)

Clase

Rústico

Uso principal

Agrario

Valor catastral

24,54 €

Año valor

2025

Valor catastral suelo

24,54 €

Valor catastral construcción

0,00 €

Fecha de modificación en Catastro

27/05/2025


Fecha de la alteración

09/11/2024

Expediente

37270810.97/24

PARCELA CATASTRAL



Localización

Polígono 5 Parcela 325

A LOMBA. REDONDELA (PONTEVEDRA)

Superficie gráfica

1.300 m²

TITULARIDAD

Apellidos Nombre/Razón Social
COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE LA PARROQUIA DE
NIF/NIE
V36101525
Domicilio
EX ESTRADA DA TEIXEIRA 70 O VISO
36810 REDONDELA (PONTEVEDRA)
Derecho
100,00% de Propiedad
Fecha de modificación en Catastro
26/09/2024
Fecha de la alteración
30/11/2023
Expediente
33364003.97/23

CULTIVO

Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m ²
0	FG ROBLE (Quercus robur, petraea)	03	1.300